



## Concello do Grove

---

### **PROPOSTA DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA O NOMEAMENTO DE UN/UNHA AUXILIAR DE TURISMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DENTRO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO DO GROVE**

**EXPTE N°.: 469/2021**

**ASUNTO: Proposta de Bases que rexerán a convocatoria de selección e posterior nomeamento dun/ha técnico/a auxiliar de turismo para o proxecto de reactivación do sector turístico local tras a pandemia ocasionada polo COVID19.**

**CLÁUSULAS:**

#### **Primeira.- OBXECTO, CARACTERÍSTICAS E FUNCÍONS.**

O obxecto das presentes bases é a selección, por sistema de acceso libre, dun/ha técnico/a auxiliar de turismo para a colaboración e posta en práctica do proxecto de reapertura e recuperación gradual dos servizos turísticos municipais e do empresariado local durante o ano 2021 no marco do deseño de programas turísticos que dean lugar á creación dunha imaxe segura e atractiva que xere confianza nos eventuais turistas, visitantes e viaxeiros.

#### **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA:**

Denominación: Auxiliar técnico/a de Turismo.

Grupo C.

Subgrupo/categoría: C2

Número de prazas: 1

Xornada: completa. A razón de 37,5 horas semanais de luns a domingo. A distribución horaria será segundo as necesidades do servizo.

#### **FUNCÍONS:**

1. Atención aos visitantes na Oficina de Turismo, presencial e telefónica.
2. Apertura e peche das instalacións.
3. Elaboración de enquisas e recollida de datos.
4. Explicacións sobre os recursos turísticos de Galicia, especialmente de Pontevedra e deste municipio.
5. Mantemento de contidos nas redes sociais municipais de turismo.
6. Seguimento do SICTED da oficina de turismo.
7. Colaboración nas relacións do concello co tecido turístico local principalmente co sector hostaleiro e comercial na posta en práctica de proxectos de dinamización turística.

---

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ07A0DGNVHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



## Concello do Grove

---

8. Envío de correos, mailings, despacho de asuntos
9. Auxilio administrativo na tramitación de actuacións municipais relacionadas co sector turístico.
10. Tarefas auxiliares de trámite e colaboración, tarefas de ofimática, despacho de correspondencia, arquivo de documentos, actos de trámite en materia turística
11. Calquera outras axustadas á súa categoría profesional e ao obxecto e competencias da administración no ámbito turístico nos termos da lexislación vixente

### **Segunda.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Segundo o artigo 56 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

- a) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- b) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. No caso do persoal laboral, non haber sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA.
- c) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non incorrer en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- f) O persoal que se contrate deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:
  - Técnico superior en Información e Comercialización Turística.
  - Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística.
  - Grao ou diplomado/a en Turismo ou equivalente homologado
  - Certificado de profesionalidade de Promoción Turística Local e Información ao Visitante (HOTI0108)

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes coma no da formalización do contrato.

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ07A0DGNVHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



## Concello do Grove

---

Estes requisitos son imprescindibles para acceder ao proceso de selección, e non puntúan na fase de concurso.

### **Terceira. RETRIBUCIÓN.**

Serán as correspondentes ao grupo C2, CD nivel 16 e complemento específico 546,70€

### **Cuarta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E SISTEMA SELECTIVO.**

#### **4.1 Presentación de solicitudes**

O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición. Queda xustificado o sistema selectivo pola transcendencia das labores e funcións de auxilio administrativo na organización, competencias e responsabilidades municipais, o que precisa un perfil de aspirante de idoneidade de mérito e capacidade, polo que se conxugan proporcionalmente unha relación de méritos curriculares e profesionais directamente relacionados coa praza e funcións do posto a desempeñar, e unha fase de oposición cun exercicio de carácter teórico tipo test vencellado igualmente á devandita praza e posto.

As persoas que requiran tomar parte nas probas de acceso deberán dirixir ao alcalde do Grove unha **solicitud** no Rexistro Xeral do Concello, por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar a solicitude nun Rexistro distinto ao do Concello ou en Oficina de Correos deberá comunicalo ao correo electrónico [registro@concellodogrove.es](mailto:registro@concellodogrove.es) A non comunicación no tempo e na forma establecidos suporá a exclusión da persoa aspirante.

Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- 1.- Copia do documento nacional de identidade, en vigor, respecto dos aspirantes que posúan a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros da Unión Europea e do pasaporte e o certificado ou tarxeta de residencia.
- 2.- Copia do título que avale a formación básica esixida.
- 3.- Copia dos títulos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso.
- 4.- Copia do certificado de coñecemento de lingua galega Celga 4 (ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na fase de oposición.
- 5.- Currículo.

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ07A0DGNVHMFKRGLM | Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



## Concello do Grove

---

6.- Vida laboral e copia dos contratos relacionados co posto.

7.- Xustificante do ingreso bancario pola inscrición no proceso selectivo, segundo o recollido na Ordenanza fiscal reguladora da taxa: prazas integradas no grupo C2 e asimilados: 20 €.

A convocatoria xunto coas bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)

Un anuncio da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra. As restantes publicacións faranse no taboleiro de anuncios (sede electrónica e casa consistorial) aos efectos do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

O **prazo** de presentación de solicitudes será de 10 días naturais, que comezarán a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

A participación no proceso selectivo do aspirante implica que acepta integramente as presentes bases polas que se rexe a convocatoria

### 4.2 Sistema de selección.

O proceso de selección será a través dun concurso de méritos/oposición, de conformidade co art. 56.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e constará dunha primeira fase de oposición e dunha segunda fase de concurso. Para acceder á fase de concurso será preciso ter superada previamente a fase de oposición.

#### **a) FASE DE OPOSICIÓN (máximo 6 puntos)**

1. Proba de coñecementos e aptitudes, que terá carácter eliminatorio.

Os aspirantes deberán realizar unha proba de coñecementos sobre o temario anexo e as funcións propias do posto e especialmente os recursos da Comunidade Autónoma, con atención aos recursos da provincia e deste municipio. O tempo máximo será de 40 minutos.

A proba práctica consistirá na resolución dun exame tipo test con 30 preguntas e 4 de reserva, con 3 respostas alternativas das que so unha será correcta, baseadas no temario anexo. A cualificación será de 0 a 6 puntos, sendo eliminadas aquelas persoas que non acaden os 3 puntos. A puntuación calcularase en base aos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta, 0.4 puntos
- Por cada resposta incorrecta, descontarase 0.15 puntos.
- As respostas en branco non puntúan.

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJD67A6DGNVHHMFKRGLM | Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



## Concello do Grove

---

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio sendo necesario obter unha puntuación mínima de 3 puntos para superala.

### 2. Proba de galego:

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acreditasen documentalmente xunto coa solicitude estar en posesión do certificado de coñecemento de lingua galega (CELGA 4, ou a súa validación correspondente). As persoas aspirantes que non acreditasen coa documentación presentada o certificado de coñecemento de galego requirido para cada posto, segundo o exposto na base cuarta, deberán realizar unha proba de galego (oral e/ou escrita), cuxo nivel se corresponderá co esixido para o posto correspondente. Para superar este exercicio será necesario acadar o resultado de apto/a.

Na aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos indicárase os candidatos que terán que realizar esta proba de galego e anunciarase a data do seu exercicio, podendo ter lugar en unidade de acto coa proba de coñecementos establecido na base 4ª apartado 4.2A.

### **b) FASE DE CONCURSO**

Consistirá na valoración de méritos achegados polas persoas interesadas segundo o seguinte baremo cunha puntuación **máximo de 4 puntos:**

Para a valoración da fase de concurso as persoas aspirantes deberán presentar unha relación numerada dos méritos alegados. Os títulos entregados deben vir traducidos ao galego ou castelá.

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

#### A) Formación especializada: máximo de 3 puntos.

A.1.-Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos, puntuando do seguinte modo:

- No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos
- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
- Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358





## Concello do Grove

---

- Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
- Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
- Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso

Só se valorarán os cursos referidos **aos dez últimos anos**, a data de referencia será o último día de presentación de instancias.

A.2.-Pola consecución de cursos de idiomas valoraranse os niveis segundo o seguinte cadro:

A2	0.20
B1	0.30
B2	0.40
C1	0.50
C2	0.60

Os títulos alegados deben ter a súa equivalencia nestes niveis.

A.3.-Pola posesión do grao en materia relacionada co posto: 1 punto, sempre e cando non fora o título acreditado como requisito de acceso a esta convocatoria, nese caso non se valoraría.

No caso de aportar títulos/certificados obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente. En caso contrario, non serán valorados.

### B) Experiencia: **máximo 1 puntos**

Experiencia laboral: considéranse méritos profesionais a experiencia laboral debidamente acreditada pola persoa solicitante mediante copia de documentos xustificativos: vida laboral e contratos de traballo, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados, sempre que teñan relación directa coas funcións propias do posto de traballo.

B1) Por ano traballado na Administración Pública no mesmo posto ou semellante: 0,25 puntos. Non se prorratearán fraccións

B2) Por ano traballado na empresa privada no mesmo posto ou semellante: 0,1 puntos. Non se prorratearán fraccións

**Admisión das persoas aspirantes**: Expirado o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se exporá no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, con indicación, se é o caso, do prazo de emenda de 3 días hábiles, con apercibimento de que, se non se presentase emenda, se arquivará sen máis trámite cos efectos do artigo 21 da Lei 39/2015. Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e a data do

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJD67A6DGNVHHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



## Concello do Grove

---

exame, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

### **Quinta. TRIBUNAL.**

Segundo o artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes.

O órgano de selección será designado polo órgano municipal competente e estará constituída por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais. A composición aprobarase por decreto da Alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, aos efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade que os convocou, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

### **Sexta. RELACIÓN DE APROBADOS.**

O tribunal reunirase para valorar a documentación presentada polos aspirantes atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente, e publicará a relación definitiva de aspirantes en orde de maior a menor puntuación, obtidas pola suma da puntuación da proba de oposición e da valoración dos méritos.

A persoa que consiga maior puntuación será proposta ao presidente da corporación para que faga o nomeamento como funcionario interino. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ07A0DGNVHHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



## Concello do Grove

---

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba. Se non é suficiente, terase en conta a valoración dos méritos, de persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que esta sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase a ela ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo ou incompleto o número de postos para cubrir, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces for necesario.

### **Sétima. NOMEAMENTO.**

Á vista da proposta do tribunal de selección, a Alcaldía ditará unha resolución do procedemento selectivo de nomeamento ao candidato/a que conste en primeiro lugar ao obxecto de proceder á toma de posesión e á alta na Seguridade Social. A persoa seleccionada deberán achegar, no prazo que se indicará no acordo de resolución, a documentación requirida (copia do DNI, copia da Tarxeta da Afiliación á Seguridade Social, certificado do número de conta, declaración xurada sobre o cumprimento dos requisitos para ser contratado).

No caso de renuncia ou ben si no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, a persoa aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobase que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar. Neste caso a Alcaldía poderá nomear á persoa aspirante seguinte na lista, que obtivera a mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

A persoa seleccionada será contratada e comezará a prestar servizos na data que lle indique a Alcaldía.

### **Oitava. PROTECCIÓN DE DATOS.**

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello do Grove, con sede no Edificio Administrativo, rúa Alcalde Xacobe Barral núm. 3, 36980 O Grove (Pontevedra), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

### **Novena . CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

---

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ07A6DGNVHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10





## Concello do Grove

---

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### **Décima. INCIDENCIAS E RECURSOS.**

As aclaracións e revisións das cualificacións outorgadas polo tribunal solicitaranse por escrito no Rexistro Xeral do Concello.

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

### **ANEXO I – TEMARIO**

- Tema 1.- A Constitución Española de 1978.
- Tema 2.- O municipio. Organización e competencias municipais.
- Tema 3.- O Estatuto básico do empregado público.
- Tema 4.- Lei 7/2011, do 27 de outubro de turismo de Galicia.
- Tema 5.- O procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Tema 6.- Festas e eventos no municipio do Grove.
- Tema 7.- Termo municipal do Grove. Xeografía e patrimonio natural e cultural.
- Tema 8.- Recursos turísticos da provincia de Pontevedra, especialmente os do Grove.
- Tema 9.- Redes sociais. Aplicación ao turismo.
- Tema 10.- Rede de Oficinas Info Rías Baixas e Xestión e control da calidade no turismo. Plans de calidade turística. SICTED .

---

### **Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ67A6DGNVHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



## Concello do Grove

---

### MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO

Nome e apelidos.....  
DNI núm.....  
Endererzo:.....  
Teléfono e correo-electrónico: .....

Declaro:

1. Que coñezo e acepto integramente o contido das bases da convocatoria destas prazas, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
2. Que non me atopo incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa Administración Pública.
3. Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto ao que opto.
4. Que me fago responsable da veracidade dos datos recollidos na documentación que achego.

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE:

1. Fotocopia do DNI
2. Fotocopia do título acreditativo para presentarse á praza.
3. Documentación xustificativa dos méritos de formación e laborais (vida laboral e contratos).
4. Currículo

Documento asinado electronicamente

---

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 4JYYDJ67A6DGNVHHMFKRGLM | Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10